

Os nosos memes

Listaxe de cotexo para a avaliación, autoavaliación e/ou coavaliación de memes

Un meme é unha imaxe (debuxo, foto...) acompañada dun texto curto e orixinal asociado con finalidade humorística. Esta listaxe de cotexo serve para que cada alumno/a a teña en conta na creación do seu meme e tamén para que, despois, se poida utilizar para avaliar (por parte do/a profesor/a), autoavaliar (por parte do/a propio/a alumno/a) ou coavaliar (por parte doutro/a(s) alumno/a(s)).

Criterio de avaliación	Descrición	Si	Non
Adecúase á temática?	O meme é sobre o tema proposto ou sobre algún dos temas propostos e reflicte comprensión sobre ese tema?		
É pertinente e respectuoso?	O meme non lle falta ao respecto a ninguén, non contén palabras malsoantes, non é de mal gusto etc.?		
A imaxe está ben escollida?	A imaxe que se emprega no meme é relevante e contribúe á transmisión da mensaxe de xeito efectivo.		
O texto está ben escollido?	O texto é conciso, claro e efectivo.		
O texto está ben asociado á imaxe?	Hai unha relación clara entre a imaxe seleccionada e o texto que contén?		
É orixinal?	O meme é creativo e orixinal. Aínda que parta dunha imaxe existente, consegue trasladar unha idea orixinal e creativa.		
É claro?	A idea e a mensaxe do meme no seu conxunto é clara e facilmente comprensible. Non crea confusións nin ten ambigüidades.		
Está tecnicamente ben feito?	Está ben creado, co texto ben situado (sen tapar partes relevantes da imaxe), ben dimensionado, sen distorsións no debuxo ou foto etc.		
Non ten erros lingüísticos?	O texto é correcto, tanto ortográfica como gramaticalmente. Non contén ningún erro.		
Consegue impactar?	O meme consegue crear algún tipo de impacto no público, ben sexa a través do humor ou da reflexión.		



“Listaxe de cotexo para a avaliación, autoavaliación e/ou coavaliación de memes”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)